VI EDICIÓN. PREMIOS DE INNOVACIÓN EN SAÚDE 2026

- A finalidade do premio é incentivar as ideas de innovación dos profesionais sanitarios do Sistema Público de Saúde de Galicia, así como as dos pacientes e as súas asociacións.
- Contamos con dous gañadores para cada unha das modalidades e, ata un máximo de tres premios accésit a aqueles proxectos que, ao criterio do xurado, teñan méritos suficientes.
- As solicitudes presentaranse obrigatoriamente a través do formulario da Sede Electrónica da Xunta de Galicia. O código do procedemento asociado é: SA304A - Premios de innovación en saúde.
- O prazo para a presentación de solicitudes **rematará o 8 de xuño do 2026**.

As candidaturas que sexan galardoadas co premio deberán continuar no proceso de innovación aprobado pola Administración na Plataforma de Innovación Sanitaria para a seu posible desenvolvemento ou implantación no Servizo Galego de Saúde. O Servizo Galego de Saúde impulsará as ideas galardoadas para a súa implantación no sistema. Tamén poderán continuar no proceso de innovación aprobado pola Administración na P.I. para o seu acompañamento as catro ideas preseleccionadas e non galardoadas en cada unha das modalidades.

A quen van dirixidos?

Respecto á modalidade de idea de profesionais: persoal ao servizo do Sistema Público de Saúde de Galicia que desenvolva unha idea innovadora no sistema sanitario galego. As persoas físicas que presenten unha idea poden representar un equipo (máximo 4 persoas, incluído o representante).

Respecto á modalidade de idea de pacientes: poderá presentar a súa idea calquera persoa física (pacientes, coidadores, etc.), organización ou asociación de pacientes sen ánimo de lucro. Tamén poderán presentarse varias persoas físicas, organizacións ou asociacións de pacientes representadas por unha delas (máximo 4, incluído o representante).

Os premios consistirán en

Modalidade de idea de **profesionais**:
a) Adquisición de material e pequeno equipamento inventariable, subcontratación de servizos de I+D+i ou gastos similares vencellados ás actividades da idea gañadora; e/ou
b) Asistencia a cursos de formación, a congresos relacionados coa innovación, a un centro innovador de ámbito internacional ou actividades relacionadas.
A dotación económica máxima na modalidade de profesionais é de 6.500 euros para o proxecto gañador e de 3.250 euros para o segundo clasificado.

Modalidade de idea de **pacientes**:
a) Adquisición de material e pequeno equipamento inventariable ou subcontratación de servizos de I+D+i vencellado ás actividades da idea gañadora; e/ou
b) Formación en aspectos relacionados cos fins fundacionais da asociación ou organización sen ánimo de lucro relacionada coa saúde que o gañador desta modalidade seleccione.
A dotación económica máxima na modalidade de pacientes é de 2.000 euros para o proxecto gañador e de 1.000 euros para o segundo clasificado.

PARTICIPA!

Presenta a túa idea online

Bases reguladoras dos VI premios de innovación en saúde 2026

CONTIDOS RELACIONADOS

V Edición. Premios de Innovación en Saúde 2025

IV Edición. Premios de Innovación en Saúde 2024

III Edición. Premios de Innovación en Saúde 2022

II Edición. Premios de Innovación en Saúde 2020

I Edición. Premios de innovación en saúde 2019

Farase entrega dos premios nun acto público organizado pola Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde conxuntamente co **Nodo de Innovación de Santiago de Compostela e Barbanza**, con representación institucional e coa axeitada campaña de difusión entre a sociedade.